




DESIRÉE VILA

Atleta

**Gañadora
de
campeonatos
galegos e nacionais**
e participante en campeonatos
do mundo en categorías base
de ximnasia deportiva.

**Campioa de España en 100 metros
e salto de lonxitude en
categoría paralímpica.**

4



**COÑECENDO
AS NOSAS
DEPORTISTAS**



ATLETISMO ADAPTADO

Desirée Vila

Gondomar, 15 de xuño de 1998

Campiona de España en 100 m, 60 m e salto de lonxitude

Dá conferencias motivacionais.

Vai participar nos Xogos Paralímpicos de Toquio 2021.

Escribiu o libro Lo único incurable son las ganas de vivir.

Estudou turismo e actualmente cursa Relacións Internacionais.



Ata os 16 anos Desirée competiu en ximnasia acrobática como deportista de elite, pero logo dun accidente comeza a practicar atletismo adaptado.

Como é o deporte que realiza?

Desirée participa nas probas de velocidade de 100 metros, 60 metros e tamén en salto de lonxitude.

Para poder realizar estas probas emprega unha prótese de competición distinta da que usa na súa vida diaria.

Compite na categoría para persoas que sofren amputación ou deficiencia nunha ou en varias articulacións debido a enfermidade, traumatismo ou deficiencia conxénita da extremidade.

Os deportes paralímpicos abranguen un amplo campo de actividades para persoas con discapacidade que participan en competicións deportivas a distintos niveis.

Sabías que o Equipo Paralímpico Español participou en 22 edicións dos Xogos Paralímpicos (13 de verán e 9 de inverno), nas que conseguiu 694 medallas?

DEPORTE FEMININO

A continuación achegamos cinco cuestións para saber máis do deporte feminino, que ao longo do tempo non tivo o recoñecemento que merecía.

1. A regatista Ellen Patricia MacArthur obtivo en 2005 o récord mundial absoluto de circunnavegación da terra en solitario. Procura información das seguintes mulleres relacionadas co mar:

Támara Echegoyen, Isabel Barreto, Gloria Lijó, Ángeles Alvariño.

Sabías que as regatistas galegas son unha potencia mundial?

Procura os nomes das medallistas olímpicas galega nas probas de vela.

2. Ata o ano 2012 Arabia Saudita, Qatar e Brunei non inscribían mulleres nos Xogos Olímpicos, porque facer deporte non era “adequado” para a muller.
Que lle dirías á xente que ten esta forma de pensar?

3. A primeira deportista en acender a chama do caldeiro olímpico foi Enriqueta Basilio en México 1968.

Podes investigar cantas deportistas tiveron esta honra?

4. Nos Xogos Olímpicos da Antigüidade en Grecia as mulleres tiñan prohibido participar... pero podían observar.

Cales foron os primeiros xogos nos que as mulleres participaron en igualdade de condicións?

5. O primeiro 10 nunha proba dos Xogos Olímpicos conseguíuno Nadia Comanenci en ximnasia.

Pescuda quen foi Nadia Comanenci.

CUESTIONARIO

Unha deportista que admiras?

Almudena Cid, primeiro porque tivo que loitar nun deporte complicado, e superar moitísimos obstáculos para chegar tan alto. Segundo porque fixo historia participando en catro xogos olímpicos, e terceiro porque soubo reinventarse cando rematou a súa carreira deportiva e seguir acadando logros de maneira profesional.

Que fas logo de adestrar?

Normalmente vou á universidade antes de adestrar, e como o fago pola tarde, cando termino o adestramento só me quedan forzas para cear, ducharme e deitarme. Antes de durmir gústame ler ou, se teño algún exame, estudar, pero normalmente son moito máis produtiva para o traballo da universidade e o meu traballo como autónoma polas mañás.

Un consello?

Cando as cousas se poñen difíciles, é importante que nos lembremos a nós mesmas por que estamos a facer o que estamos a facer, é dicir: por que estou a sacrificar tantas cousas? Cal é o meu obxectivo? Como de preto estou de logralo? Que beneficios vou ter unha vez o alcance? Porque nos momentos malos e complicados, lembrarmos todo iso vai ser o que nos axude a ter a motivación que precisamos para seguir loitando.



CUESTIONARIO

Cal é o primeiro recordo do teu deporte?

Do atletismo o primeiro recordo que teño é da primeira vez que adestrei soa nunhas pistas de atletismo de Malta que estaban feitas un desastre, e recordo que cansaba moitísimo e tecnicamente corría fatal, e pensaba que era moitísimo máis difícil do que parecía nos vídeos das competicións dos meus rivais nas que me fixaba, pero tiña moitas ganas por aprender, adestrar e mellorar.

Un soño profesional?

Ser un referente no mundo do deporte para persoas con discapacidade, para motivar outros mozos e mozas con discapacidade a non poñerse límites e a buscar a súa mellor versión dentro do deporte. Creo que a competitividade, o compañeirismo e, en xeral, todos os valores do deporte son esenciais para o noso crecemento persoal como persoas con discapacidade dentro dun mundo que aínda non está concienciado con este tema ao 100%. Gustaríame axudar, co meu exemplo, a que estes prexuízos desaparezan e se conciba os deportistas con discapacidade como "deportistas", sen máis.

Como ves o papel da muller no deporte?

A presenza da muller no deporte é cada vez máis evidente e máis importante. As mulleres demostramos ser grandes deportistas, e aumenta a nosa presenza en medios de comunicación e marcas.



AUTORA


Desirée Vila escribiu a autobiografía *Lo único incurable son las ganas de vivir*.

Unha autobiografía é a escritura da propia vida por parte da autora.

Procura informacións sobre estas mulleres que tamén escribiron as súas autobiografías.

Michelle Obama, Isabel Allende,
Wangari Maathai, Malala, Virginia Woolf

Escribe un relato autobiográfico ou, se prefires, obtén información dalgunha muller da túa familia e escribe unha biografía dela.



Sabías que Desirée Vila é imaxe dunha boneca que está caracterizada cunha prótese?

COLOREA

Colorea esta deportista.

“Necesitamos ter obxectivos
para ter unha razón para loitar”

Desirée Vila

